



“UN EQUIPO, UN ALCALDE, UN PROXECTO”, MÁXIMA DO PP DE O GROVE



MIGUEL ÁNGEL PÉREZ ASPIRA A RECUPERAR A ALCALDÍA PARA DÁRLE AO CONCELLO A ESTABILIDADE QUE LLE PERMITIRÁ MEDRAR

Co aval da dirección autonómica e provincial do partido e arroupado por máis de 400 veciños, Miguel Ángel Pérez presentouse como candidato do PP á alcaldía de O Grove convencido de que o municipio **PRECISA MÁIS CA NUNCA UN CAMBIO**: un cambio que o saque dos anos de parálise provocados por un goberno dividido, enfrontado e inestable. Un goberno que mentiu reiteradamente dicindo que “a débeda histórica da Xunta co Grove estaba saldada grazas a intervención do señor Touriño”, algo que se demostrou totalmente falso. A día de hoxe, é un goberno popular, o de Núñez Feijoo, o que está a impulsar proxectos vitais para o municipio.

**PORTOS DE GALICIA
IMPULSA O PROXECTO
MELLORADO DA
DÁRSENA DO CORGO**

**A INCOMPETENCIA
DO GOBERNO LOCAL
DEIXA CON ESCASEZ
DE AUGA A REBOREDO**

SAÚDA DO PRESIDENTE

Benqueridos amigos e amigas:

O Grove vai ter dentro duns días a ocasión de dar un xiro á forma de facer política que se está aplicando neste municipio. Un xeito de facer política que non ten acadado ningún logro para este concello e que, lonxe de orientarse a impulsar o desenvolvemento social e económico dun municipio con grandes posibilidades se adica a poñer freo ás iniciativas que xurden desde outras institucións.

O Grove merece un futuro mellor e o 22 de maio os veciños e veciñas desta localidade tedes ocasión de deixarllo ben claro aos que fai 4 anos non vos quixeron escoitar. Fai catro anos os grovenses apostastes por Miguel e polo PP, pero houbo quen non o quixo entender e nun pacto de perdedores, relegou á forza maioritaria á oposición.

Nós non nos rendemos e o PP do Grove, con Miguel Ángel á cabeza, traballou incansablemente todos estes anos para que O Grove, pese ás torpezas e ás indecisións do cuatrigoberno, non se estancase. Foron moitos os investimentos realizados aquí por outras administracións como a Deputación Provincial ou a Xunta. Algún destes investimentos, como a Pousada da Lanzada, tivo incluso que loitar coa oposición dun alcalde que lle quixo negar a este pobo a posibilidade de converterse nun referente do turismo accesible, nunha actitude que amosa ben ás claras que O Grove precisa un novo xeito de gobernar.

O Grove precisa recuperar a etapa de esplendor que tivo cos anteriores gobernos do PP, precisa un goberno acorde co que os veciños demandan e esa etapa pode darlla Miguel e o seu equipo, un equipo de xente comprometida co municipio e disposta a dalo todo para que este fermoso concello vaia a máis.

Miguel Ángel ten demostrado o seu compromiso real e a súa capacidade para escoitar sempre aos veciños, recollendo as súas demandas e inquietudes e tratando de darlle resposta. Fixoo en todo este tempo e coas limitacións que ocasiona o estar na oposición e farao máis aínda se lle dades a vosa confianza o 22 de maio.



*Rafael Louzán Abal
Presidente Provincial del PP de Pontevedra*

MIGUEL A. PÉREZ ASPIRA A GOBERNAR “CUN EQUIPO, UN ALCALDE, UN PROGRAMA”

Fronte á inestabilidade dun goberno con “tres ou catro equipos, tres ou catro alcaldes e tres ou catro programas enfrontados”

Arroupado por uns 400 veciños e pola cúpula directiva do PP rexional e provincial, Miguel Ángel Pérez fixo a súa presentación pública como candidato á alcaldía de O Grove o pasado 19 de marzo, nun acto no que lembrou a necesidade de cambio neste municipio, afectado pola inestabilidade que da un goberno dividido e enfrontado.

Co apoio do presidente e do secretario xeral do PPdeG Alberto Nuñez Feijóo e Alfonso Rueda, así como do presidente provincial Rafael Louzán, dos conselleiros de Cultura e Turismo e de Mar, Roberto Varela e Rosa Quintana, do delegado da Xunta en Pontevedra José Manuel Cores Tourís, e de alcaldes, voceiros e candidatos dos concellos da comarca, Miguel Ángel Pérez recordou os logros da etapa de goberno do PP no Grove



e comprometeu para O Grove un goberno formado por “un equipo, un lider, un programa e uns obxetivos”, fronte á actual situación se inestabilidade con “tres ou catro equipos, tres ou catro alcaldes e tres ou catro programas totalmente distintos e enfrontados” que dan, como consecuencia, un goberno incapaz de afrontar

os problemas e dar solución ás demandas dos veciños.

Pola súa banda, o líder provincial, Rafael Louzán, amosouse convencido de que a partir do 22 de maio O Grove disfrutará dun goberno en maioría, “un goberno do PP”, serio e responsable, liña na que tamén incidiu Alberto Nuñez Feijóo.



A CONSELLEIRA DO MAR, COA FESTA DO MARISCO E CO EMPRESARIADO GROVENSE



A conselleira do Mar, Rosa Quintana, non quixo deixar pasar a oportunidade de amosar o seu apoio ao empresariado grovense e ao sector do mar acudindo ás xornadas gastronómicas “A cociña do mar” que anualmente organiza Emgrobes, no marco da Festa do Marisco.

Quintana amosou o seu interese polas expectativas de futuro do produto que nesa ocasión se ensalzaba, as algas. A súa comercialización,

o tratamento en conserva, o secado, a súa aplicación máis crecente cada día na cociña, foron algúns dos aspectos tratados.

Rosa Quintana tamén visitou O Grove en xaneiro para xuntarse co sector mexilloeiro e facerlles entrega das tarxetas TIC, coas que poden facer múltiples xestións e papeleo, evitando molestias e desprazamentos. Ese mesmo día visitou a Cofradía de Pescadores.

O DIRECTOR XERAL DE COMPETITIVIDADE INFORMOU AOS MARIÑEIRO SOBRE A REGULARIZACIÓN DE EMBARCACIÓNS

Con motivo de informar ao sector mariñeiro sobre a regularización de embarcacións no que están inmersos moitos destes profesionais desprazouse ata O Grove, o director xeral de Competitividade, Juan Carlos Maneiro, que aclarou moitas das dúbidas que en torno a este asunto se estaban xenerando. Dúbidas que, malintencionadamente e con información sesgada, algúns estaban facendo chegar a este colectivo, creando confusión e incerteza.

Ademais, Maneiro tamén os informou do



adianto da veda do centolo, levada a cabo pola consellería para establecer un período de vedas máis acorde cos intereses dos mariñeiros.

OS EMPRESARIOS RECIBEN O APOIO DA DEPUTACIÓN PARA REPARAR O LOCAL SOCIAL

A Deputación Provincial destinará 180.000 euros á reparación do local que os empresarios de O Grove adquiriron en Beiramar coa intención de destinalo a local social.

A achega da Deputación permitirá acondicionar este local que as entidades empresariais do Grove (Emgroves, Centro de Iniciativas Turísticas e Asoc-

iación de Hosteleiros), que agrupan a inmensa maioría dos establecementos de hostalería e comercio do concello adquiriron para destinalo a un local social que dese resposta as súas necesidades.

O presidente da Deputación, Rafael Louzán, visitou en novembro pasado a sede de Emgroves, onde se reuniu cos pre-

sidentes das tres asociacións e se comprometeu a apoialos nesta iniciativa, iniciando xa a redacción do proxecto que a día de hoxe é unha realidade.

O apoio da Administración provincial permitirá dotar aos empresarios groveses dun lugar de traballo axeitado para desenvolver a súa labor con maior comodidade.



Plano do que será a segunda planta do novo local social dos empresarios groveses

EDUCACIÓN INVISTE 500.000 EUROS NA REFORMA INTEGRAL DO COLEXIO ROSALÍA DE CASTRO

O conselleiro de Educación, Jesús Vazquez, explicou aos membros da ANPA do colexio Rosalía de Castro as obras que se están a realizar neste centro e que suporán a mellora integral desta importantísima instalación escolar situada no centro urbano grovese. As obras de reforma, que xa comenzaron, van supor a transformación total do centro escolar e dispoñen dun orzamento total que se titúa en torno aos 500.000 euros.



A través do Plan de Ación Comunitaria da Deputación de Pontevedra, foron moitas as asociacións de O Grove que

se beneficiaron de axudas para realizar obras no seu ámbito de actuación. O apoio da administración provincial, presidida por

Rafael Louzán, permitiu a estas entidades levar a cabo proxectos que repercuten no benestar de todos os veciños.



A capela das Baladas e o seu contorno melloraron notablemente. Altar, campanario, mobiliario, parque infantil, xardín, etc. deron outro aspecto o lugar



En As Besadas ademáis do parque infantil, a Deputación financiou mobiliario para o local social e un parque biosaludable para os maiores



Con cargo a anualidade do 2011, a Deputación faise cargo do arranxo deste lavadoiro, situado na Gatiñeira e para o cal os comuneiros de San Martiño solicitaron o apoio da Administración provincial, presidida por Rafael Louzán

VISTE NO GROVE



Sobre estas liñas, a recollida de augas pluviais executada na Vilavella paliou os graves problemas de inundacións que había nalgunhas casas do lugar, para tranquilidade dos veciños e veciñas desta zona

Baixo estas liñas, o lavadoiro de Reboredo, que recobrou un aspecto máis tradicional e acorde co medio rural no que se atopa. Pedra e madeira danse amán para embelecer a praza.



No Sineiro, a Deputación financiou o mobiliario e equipo informático do local social ademáis do novo valado e melloras no parque infantil.

A XUNTA COMPROMÉTESE CO GROVE

PORTOS DE GALICIA IMPULSA O PROXECTO MELLORADO DA NOVA DÁRSENA DE O CORGO

Logo de presentar os distintos estudos e alternativas para a nova dársena do Corgo – Meloxo, Portos de Galicia, a través do seu presidente, José Manuel Álvarez Campana, presentou a decisión deste organismo, que optou por mellorar o proxecto inicialmente previsto e incluír unha actuación máis ampla que mellorará considerablemente esta dársena.


Así as cousas, e segundo indicou Álvarez Campana, Portos de Galicia realizará tamén a mellora do abrigo, das rampas de traballo e a instalación de novos pantaláns en Meloxo, co que Portos de Galicia demostra que o seu compromiso co Grove é total.

Así mesmo, a nova dársena de O Corgo incluírá tamén unha parte dedicada á náutica

recreativa, co que se dá resposta tanto aos profesionais do mar (mariñeiros, mariscadores e bateiros) como aos de servizos (pasaxe e náutica recreativa). Ademais, a decisión de constituír unha mesa técnica de seguimento do proxecto permite melloralo coa aportación e suxerencias

dos usuarios, o que debe ser aproveitado para construír entre todos o mellor dos portos posibles.

Portos de Galicia manterá tamén unha xuntanza cos colectivos profesionais para mellorar e definir os usos da nova dársena e axeitala o máximo posible ás súas necesidades.



Planos da nova dársena do Corgo. Á esquerda, o director de Portos de Galicia.




A XUNTA COMPROMÉTESE CO GROVE

AS NOVAS INSTALACIÓNS DO CLUB DE REMO AMEGROVE SERÁN UNHA REALIDADE

O goberno bipartito da Xunta tiña absolutamente prohibido que Portos de Galicia construíse ou colaborase na construción de instalacións náutico-deportivas, algo que estaba a prexudicar seriamente as posibilidades de mellora de clubs deportivos afianzados no Grove, como é o caso de Amegrove, que non podía sacar adiante o seu proxecto de construción de novas instalacións neste concello.

Pero coa chegada á Xunta de Feijóo esta política de obstrucionismo mudou e, a día de hoxe, Amegrove ten encamiñado xa o proxecto para a construción do seu club. Despois de varios contactos da directiva do clube de remo Amegrove e do presidente da cooperativa de mexilloeiros, o presidente de Portos de Galicia adquiriu o compromiso de outorgar a este clube a concesión administrativa necesaria



Deseño do Clube de Remo de Amegrove

para a construción das novas instalacións e comprometeuse a facilitarlle ao clube varios proxectos alternativos para a nova sede, entre os que se elixiu o proxecto que directiva e deportistas entenderon me-

llor para os intereses colectivos dos groveses.

Unha vez elixida a opción, deuse inicio ao procedemento necesario para a execución das obras, coa redacción do proxecto constructivo.

O POLIDEPORTIVO DE MONTE DA VILA SERÁ UNHA REALIDADE

O compromiso da Xunta co O Grove faise patente unha vez máis coa dotación orzamentaria e o inicio da redacción do proxecto do futuro Polideportivo de Monte da Vila. Queda así en evidencia o discurso fácil e mentireiro dos gobernantes groveses e principalmente do alcalde dicindo que a Xunta non inviste no Grove.

O que non fixeron PSOE-BNG en catro anos estao a facer a Xunta de Feijoo en menos tempo e con moitos menos recursos. Demóstrase así o compromiso acadado con este concello polo actual goberno galego e que outros prometeron pero non cumpriron, coa connivencia do goberno grovese.



Lete presenta o proxecto do novo polideportivo

A INCOMPETENCIA DO GOBERNO LOCAL DEIXA CON ESCASEZ DE AUGA A REBOREDO

A pesar das medidas tomadas polo anterior goberno do Partido Popular, que rematarían cos problemas de abastecemento de auga en Reboredo, a incompetencia deste goberno fixo que o problema persista, pese aos millóns de investimentos levados a cabo.

O goberno do PP procedera xa en 2007 á colocación de nova tubería dende Vilalonga ata O Grove e dende Campos ata Reboredo e deixara prevista a construción dun novo depósito, con 4 veces máis capacidade de almacenaxe que o existente e cos informes técnicos elaborados nos que se in-

dicaba a zona axeitada e a cota necesaria na que se debería construír o novo depósito para solventar os problemas.

Non obstante, a incapacidade do actual goberno fixo que colocasen o depósito sobre 10-12 metros por debaixo da cota necesaria co cal non se solucionou o problema de abastecemento a Reboredo, que era, entre outros, o propósito deste investimento na mellora do abastecemento.

Os populares lamentan que “de novo haxa que facer obras para solucionar o problema e case seguro a base de bombeos, co custe



Depósito de auga de Reboredo.

que iso supón, por non facer as cousas ben dende un principio”.

O INÚTIL CAMBIO DE SENTIDO DA RÚA CASTELAO

A rúa Castelao sufriu un cambio de dirección nun dos seus tramos que soamente serviu para facer máis caótico o tráfico e curar un pouquiño o “ego” deste alcalde, que para iso non lle importa tomar medidas que vaian en contra de toda ló-

xica, dos informes dos técnicos e da policía, dos propios compañeiros de goberno e do sentido común. As decisións deben tomarse pensando na mellora do colectivo, do conxunto e non da sinrazón.

¿Tívose en conta o facer isto, que haberá que cambiar os alcorques da rúa para que permitan un estacionamento racional? ¿Canto custará isto? Ou, ¿aspiramos a entrar no libro Guines por ser a única rúa do mundo, onde se estaciona de cú e ao revés?

Despilfarraron (logo do cambio) 100.000 euros no cambio do alumbeado que non era necesario e que consolida a rúa como estaba, polo que dubidamos da intención dos

arranxos necesarios para aparcar con normalidade. ¿Trouxo melloras no tráfico o cambio efectuado?

A vista están os líos en toda a área de Claudio Iglesias, Entrehortas, Vilavella, Conricado, etc. Son “calexóns” que viron multiplicado por cinco a súa intensidade de tráfico e por lóxica os riscos.

¿É o cruce do guarda? se antes era problemático agora moito máis.

Pero preguntáronlle aos veciños da rúa Luis Seoane se están contentos, se os comerciantes alí establecidos notaron algunha melloría; porque este criterio, aplicado a outra rúa foi o que provocou todo este despropósito.



O GROVE 2007-2011: ENTRE A INDECISIÓN E O DESGOBERNO

Non hai peor inimigo para un pobo que un goberno indeciso. Indeciso foi aquel que non puido elixir unha opción entre outras varias que se lle ofreceron, aquel que non se decidiu a executar as accións que lle foron encomendadas, aquel que non foi capaz de orientar o goberno do Grove hacia un determinado rumbo renunciando a outros e, sobre todo, aquel que non se atreveu a solucionar os problemas básicos do noso municipio.

Todo iso fómolo vendo ao longo de todos estes anos, onde a carestía de estratexias diluíu un goberno de accións concretas. Cada decisión compromete e por iso tiveron un medo terrible ao compromiso e ao traballo. Non estiveron dispostos a pagar o custe que ten tomalas por non querer asumir os resgos de que as cousas, as veces saen ben e outras non. Gobernar consiste en tomar decisións, e se non se toman todo se ralentiza e se para.

Hoxe é común encontrarnos con indecisos, xente que non toma partido e elude as súas responsabilidades e, como veletas, van polo mundo levados pola forza dos ventos. Nós non podemos agardar a que un goberno encabezado por unha persoa de ese calibre paralice o desenvolvemento do noso municipio. Non podemos deixar que nos governe a indecisión catro anos máis, é tempo de cambios, e tempo de gobernar en toda a extensión da palabra. No Grove perdemos máis durante esta lexislatura

por decisións non tomadas, que por decisións tomadas equivocadamente.

Por non equivocarse uns e, outros por inacción, non hai Plan Xeral. Por non equivocarse, non saben onde ten que situarse o Porto Deportivo. Por non equivocarse non saben en que sentido teñen que circular os coches na Castela. Por non equivocarse, non souberon que facer no caso do Cine o Marino. Por non equivocarse non saben que facer co Ambulatorio. Por non traballar acordáronse de que existen os centros de día ao final da lexislatura. Son tantas e variadas e tan largas enumeralas que se tomaran decisións, se gobernan, hoxe teríamos un Plan Xeral, un Porto Deportivo, unha Castela con tráfico fluído, uns veciños da rúa O Marino que non tiveran que agardar o que agardaron a que se tomara unha decisión, un ambulatorio funcionando, un centro de día que solucionara as necesidades de tantas familias.

Estivemos catro anos entumecidos mentres os demais pobos da contorna se distancian de nós en progreso e infraestruturas. O estar inseguros, nun goberno onde todos opinan e ningún toma decisións fai que o tempo pase e, o final, o tempo rematou tomando a decisión por todos eles. Os tempos chegaron.

Miguel A. Pérez

(Voceiro e candidato do PP á alcaldía)

A DEPUTACIÓN SUBVENCIONA AO COLECTIVO ANDURIÑA



A Deputación de Pontevedra participou no arranxo do local social da Asociación de discapacitados do Salnés cunha subvención de 3.000 euros que entregou o seu vicepresidente José Juan Durán. Así mesmo, a administración provincial subvencionou diversos cursos de capacitación profesional relacionados coa informática e a administración de empresas por valor de 4.000 euros.

O RÁNKING DAS MENTIRAS DE CACABELOS

22 agosto-2007: "Comenzamos los trámites para poner en marcha una oficina de atención al vecino con el propósito de que una persona especialista se encargue de conducir a todos los vecinos y explicarles sus quejas".	Maio 2011 Pois menos mal que empezaron os trámites en agosto do 2007. ¿En que momento dos mesmos estamos? E non sería mellor que un voz dun especialista, os explicara o aludido?
22-outubro-2007 "Hay acuerdo para que el suelo industrial esté en Cova de Lova y Mairós ya tiene localizada un terreno viable para instalarse".	Maio 2011 Todos sabemos que sin PXOM, nin esto nin nada. ¿Que fixo en urbanismo? Mentos mal que a Xunta actual enviou a empresa y salvou os postos de traballo.
7-noviembro-2007: "Cacabelos asegura que O Grove tendrá PXOM en el primer semestre del 2008" "Sin el PXOM será imposible instalar la nueva depuradora, hacer el centro de salud o acometer las infraestructuras necesarias".	Maio 2011 Que razón tiña o certo. ¿Por que non o fixo entón? ¿Por que non aprobou os múltiples obxectos que lle fixo o PP? Catro anos trados pola borda.
16-noviembro-2007 "Me comprometo a adicantar la pecha de Confin".	Maio 2011 Emulando a antecessores seus no seu cargo, (especialidade de esquerda) demora aquilo que levaron a cabo outros.
17-abril-2008 Cacabelos demite la pecha de Confin tres años después de ser estrenada, y "Prometo hacer otra en un lugar próximo".	Menos mal, que non se comprometeu a "adicantar" outros lugares senón acaba con todo.
13-diciembre-2008 "Negociaré para que el centro de salud tenga helipuerto".	Maio 2011 En febreiro deste ano anunciou que non teríamo ningún o centro de saúde.
15-janero-2009 "Lampáns quedará en perfectas condiciones sin gastar tanto dinero".	Maio 2011 Que lle conte aos socios, directivos e xogadores do Amarecer. ¿Chegan perfectas condicións ao campo de atletismo que montou alí?
8-marzo-2009 Cacabelos transmite a los comercios de San Vicente "la disposición de la delegación de Educación (socialista) de acometer la conclusión del pabellón de AS Biscas".	Maio 2011 ¿Por que retiró o diñeiro previsto para o pabellón que herdou del PP?, ademais de restarlle 100.000 euros ao orzamento de Lampáns. ¿Por que castiga así aos veciños de San Vicente?
6-julio-2008 "La senda de Con Negro quedará acabada antes de la primavera de 2009".	Maio 2011 Que empeño en sentenciar coas datas. Non de unha!
23-outubro-2008 "Touriño se compromete conmigo a desdoblarse la vía rápida hasta la Lanzada y se está haciendo, además de recalificar la parcela para el centro de salud".	Maio 2011 Comprometeuse pero esqueceuselle. Foi o PP ao chegar á Xunta quen iniciou os trámites. Para o centro de saúde ¿Tamén se lles olvidou? ¿É por iso que agora "grita" todos os días ao novo goberno?
24-noviembro-2008 "Me comprometo a abordar una amplia reforma de la figura consultiva del Consejo sectorial de la Fiesta del Marisco para que sus miembros no sean rinquesados".	Maio 2011 ¿Xa acabaría coa reforma? En canto ao rinqueseo, que lle preguntan ao CIT, a Emgrobes, a AA.HH., a Amegroves, etc. ¿Cómo se sentiron hestes catro anos?

Estes son só uns poucos exemplos do que foi o mandato. Temos dúcias destas afirmacións que reflexan perfectamente o que foi o mandato deste representante de Zapatero no Grove. Podes seguilas en ppdogrove.blogspot.com ou [facebook/ppdogrove](https://www.facebook.com/ppdogrove).



O Grove

Sede: r/ Castelao, 55 - 1º

Correo electrónico: ppdogrove@hotmail.com

Blog: ppdogrove.blogspot.com

Tamén estamos en Facebook